

APE GALICIA

Asociación Intersectorial e
Interterritorial de Autónomos e
Pequeñas Empresas de Galicia

BOLETÍN NOVIEMBRE

BASES REGULADORAS XERAIS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E DE ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DO SECTOR DOS PRODUTOS DA PESCA E DA ACUICULTURA

REGALAMENTO ÚNICO DE REGULACIÓN INTEGRADA DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTO (RIAE)

PROBAS DE CONSTATAION DE CUALIFICACIÓN INICIAL PARA O EXERCIZO DA ACTIVIDADE DE CONDUCTOR PROFESIONAL DE DETERMINADOS VEHÍCULOS DESTINADOS Ó TRANSPORTE DE MERCADORÍAS DE VIAXEIROS

O REXISTRO DA XORNADA LABORAL DOS TRABALLADORES

BASES REGULADORAS XERAIS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E DE ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DO SECTOR DOS PRODUTOS DA PESCA E DA ACUICULTURA

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros e das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros no ámbito autonómico galego

Beneficiarios

As organizacións de produtores pesqueiros e as asociacións de organizacións de produtores do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros e Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros establecido no artigo 6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

Investimentos obxecto de subvención e gastos subvencionables:

1. Os investimentos relativos á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros e das asociacións de organización de produtores pesqueiros poderán ser obxecto de subvención.
2. Serán elixibles as actuacións iniciadas desde o 1 de xaneiro de 2014.
3. Serán elixibles as actuacións que se axustan ao establecido no anexo «Gastos» desta orde, sen prexuízo do cumprimento do resto de requisitos que estableza a normativa nacional e comunitaria.
4. Os gastos subvencionables deberon realizarse dentro do prazo conferido para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, aprobados mediante resolución do órgano competente na materia.
5. Os gastos subvencionables serán aqueles directamente relacionados coa preparación

e aplicación dos plans de produción e comercialización, aprobados mediante resolución do órgano competente na materia:

- a) No caso de que os gastos estean directamente relacionados coa preparación dos plans de produción e comercialización, indicaranse os custos dos estudos preliminares e de definición e elaboración. Este concepto non poderá ser superior ao 5 % dos gastos finalmente elixibles tras a presentación do informe anual, cun máximo de 6.000 euros. Estes gastos deberán terse producido ata o 1 de xaneiro do ano inmediatamente anterior ao plan que se vai executar.
 - b) No caso de que os gastos estean directamente relacionados coa aplicación dos plans de produción e comercialización, cando as medidas teñan custo económico, serán subvencionables en cada medida tanto as actividades do titular do proxecto como as actividades de xestión do proxecto.
6. Sen prexuízo do establecido no anexo «Gastos» da presente convocatoria, serán subvencionables, de xeito xeral, os seguintes gastos:
- a) Os gastos derivados da contratación de empresas externas ou profesionais independentes para a preparación ou realización dalgunha ou algunhas das medidas incluídas no plan de produción e comercialización.

b) Gastos de persoal propio, xa sexa de estrutura ou contratado para unha medida concreta do plan de produción e comercialización, incluídos aqueles custos indirectos, segundo establecen os artigos 67 e 68 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

c) Gastos derivados de convenios de colaboración con organismos científicos e outras entidades, que deberán formalizarse por escrito e recollerán o obxecto deles, os traballos que se van realizar, o tempo de execución e o orzamento, debidamente desagregado por capítulos.

d) Obras, adquisicións de bens e subministracións correspondentes a medidas previamente aprobadas no plan de produción e comercialización.

e) Gastos de desprazamentos, aloxamento e manutención para a asistencia a feiras, congresos, cursos, reunións, xornadas ou eventos semellantes en medidas aprobadas no plan de produción e comercialización.

Prazo de presentación da solicitude

Para esta convocatoria do ano 2016 o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación (15 de decembro)

Referencia normativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161115/AnuncioG0427-081116-0001_gl.html

REGALAMENTO ÚNICO DE REGULACIÓN INTEGRADA DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTO

O 22 de setembro aprobouse o RIAE co obxectivo de establecer o réxime xurídico e os procedementos aplicables ao exercicio das actividades económicas, a apertura de establecementos a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A continuación exporemos os aspectos máis relevantes do título II deste reglamento: Exercicio de actividades económicas e apertura de establecementos destinados a estas.

Estarán suxeitos a este regulamento as actividades e establecementos suxeitos a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa.

Inclúranse as actividades desenvoltas, entre outras, por entidades sen ánimo de lucro e entidades públicas, así como a posta en funcionamento de equipamentos públicos.

Exceptúanse da presentación as actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación ou as actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

A Comunicación previa terá os seguintes contidos:

- a) Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento.
- b) Unha memoria explicativa da actividade
- c) O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- d) Unha declaración do titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscripta por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o

exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.

e) O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.

f) A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.

g) As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.

h) De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.



Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra. Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico.

A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos establecidos neste regulamento habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. A referida presentación non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión da información correspondente para efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria.



Non obstante, cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalación totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio ou desenvolvemento da actividade acompañada

coa documentación indicada neste regulamento.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou a solicitude de licenza de obra, de ser o caso, poñeranse en coñecemento da Administración municipal.

No caso da apertura de establecementos, será obrigatorio mostrar unha **copia selada da comunicación previa nun lugar visible** e de fácil acceso destes.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- a) A súa propia competencia.
- b) Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- c) Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exigidos por este regulamento.

O concello pode realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

As causas de ineficacia das comunicacións previas son as seguintes:

- a) O incumprimento orixinario ou sobrevido dos requisitos legais a que estivese sometida a actividade ou o establecemento.
- b) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegase ou incorporase á comunicación previa.

c) A presentación da comunante unha Administración incompetente para recibila ou cando a actividade ou establecemento estivese sometido a outro réxime de intervención administrativa.

d) O non exercicio da actividade no prazo de seis meses contado desde que a comunicación previa habilite para o exercicio desta, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa conforme a normativa vixente para o exercicio da actividade.

e) A interrupción da actividade durante un ano, contado desde a data en que se produciu esta interrupción, sen prexuízo da posibilidade de poder formular unha nova comunicación previa conforme a normativa vixente para o exercicio da actividade.

O concello pode iniciar de oficio un procedemento de declaración de ineficacia se detecta alguna causa das anteriormente citadas. No procedemento darase audiencia á persoa titular da actividade ou establecemento. Se a causa de ineficacia é emendable, no mesmo trámite concederase á persoa titular da actividade un prazo de emenda dos incumprimentos ou deficiencias detectados

A declaración de ineficacia dunha comunicación previa impide, desde o momento da súa notificación á persoa titular da actividade ou do establecemento, o exercicio daquela ou a apertura deste.

A declaración de ineficacia é independente das responsabilidades sancionadoras que procedan, as cales se exirán a través do correspondente procedemento sancionador.

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento será comunicado por escrito pola nova persoa titular ao concello ante o que se presentou a comunicación previa ao inicio da actividade ou á apertura do establecemento. Na comunicación do



cambio de titularidade bastará incluír os datos identificativos da nova persoa titular, acompañados da referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitaron para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

No caso de haber **modificacións na actividade ou no establecemento**, a persoa titular debe poñer en coñecemento do órgano competente, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.

Será necesaria unha nova comunicación nos seguintes casos:

- a) Modificación da clase de actividade.
- b) Cambio de localización
- c) Reforma substancial dos locais ou instalacións.

Tamén é necesaria unha nova comunicación previa cando se pretenda realizar calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento. Neste caso coa comunicación previa só haberá que achegar os datos e documentos vinculados especificamente ao cambio proxectado.

Normativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161109/AnuncioG0424-281016-0016_es.html

CONVOCATORIA DE PRBAS DE CONSTATAION DE CUALIFICACIÓN INICIAL PARA O EXERCIZO DA ACTIVIDADE DE CONDUCTOR PROFESIONAL DE DETERMINADOS VEHÍCULOS DESTINADOS Ó TRANSPORTE DE MERCADORÍAS DE VIAXEIROS

Convócanse para o ano 2017 as probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada que terán lugar na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co calendario e demais condicións previstas nesta resolución.

No ano 2017 realizaranse nove convocatorias, tanto para as categorías D1, D1 + E, D e D + E, como para as categorías C1, C1 + E, C e C + E, que se desenvolverán de acordo co seguinte calendario e prazos de inscrición:

Convocatoria	Datas de celebración	Prazo de inscrición
1ª	18.1.2017 a 8.2.2017	25.11.2016 a 30.12.2016
2ª	22.2.2017 a 8.3.2017	31.12.2016 a 3.2.2017
3ª	5.4.2017 a 19.4.2017	4.2.2017 a 17.3.2017
4ª	17.5.2017 a 31.5.2017	18.3.2017 a 28.4.2017
5ª	21.6.2017 a 5.7.2017	29.4.2017 a 2.6.2017
6ª	19.7.2017 a 9.8.2017	3.6.2017 a 7.7.2017
7ª	13.9.2017 a 27.9.2017	8.7.2017 a 25.8.2017
8ª	8.11.2017 a 22.11.2017	26.8.2017 a 13.10.2017
9ª	13.12.2017 a 27.12.2017	14.10.2017 a 17.11.2017

Para inscribirse nas probas será necesario presentar, dentro do **prazo previsto no punto anterior**, unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como **anexo I** desta resolución, acompañada do impreso de **autoliquidación de taxas** polo importe que estableza para o efecto a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións

reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e unha **copia do DNI**

Referencia normativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161123/AnuncioG0423-111116-0004_es.html

O REXISTRO DA XORNADA LABORAL DOS TRABALLADORES

Coa publicación do Real Decreto Lei 16/2013, de 20 de decembro onde se modifica o artigo 12, apartado 5.h do Estatuto dos Traballadores, queda implantada a obrigatoriedade de realizar o rexistro das xornadas laborais dos traballadores a tempo parcial e a entregar a copia do resumo mensual coas nóminas desde inicios do 2014.

Na actualidade, tras a publicación da sentenza num. 207/2015 da Sala do Social da Audiencia Nacional a obrigatoriedade trasladouse tamén aos rexistros da xornada dos traballadores a tempo completo, co fin de establecer as horas efectivas que o traballador pasa na empresa.

Con todas estas modificacións, lembrámoslle aos autónomos que teñan persoal contratado que teñen que cumprir os seguintes aspectos:

- Conservar os resumos mensuais dos rexistros de xornada durante un período mínimo de catro anos.
- No rexistro da xornada débese fixar o número de horas traballadas, e a súa distribución. Debéndose facer distinción entre o número de horas ordinarias, e extraordinarias.
- Recoméndase que o rexistro inclúa a hora de entrada, hora de saída e firma do



traballador. Este xesto realizarase diariamente, e entregárase ao traballador un resumo mensual asinado polo empresario e polo traballador.

No caso de que a Inspección de traballo acuda á empresa poderá pedir os rexistros de horas desde inicio do 2016, pero o habitual é que soliciten o último mes completo e o rexistro do mes que se presenten e fixaranse no rexistro do día da inspección para corroborar que efectivamente se realiza o rexistro diariamente.

Referencia Lexislativa:

http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2013-13426